



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Educación secundaria
para persoas adultas



Ámbito de comunicación

Educación a distancia semipresencial

Módulo 2

Unidade didáctica 5

Comunicación oral

Índice

1.	Introdución.....	3
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	4
1.4	Orientacións para a programación temporal	4
2.	Secuencia de contidos e actividades	6
2.1	Os textos orais	6
2.1.1	A lectura en voz alta e a recitación	6
2.1.2	Introducción a la exposición oral	12
2.1.3	A linguaxe non verbal.....	14
2.2	Los textos orales audiovisuales	17
2.2.1	Clasificación de los textos orales audiovisuales	17
2.2.2	Textos xornalísticos informativos de carácter oral	20
2.2.3	Lengua y discriminación.....	24
2.3	As familias lingüísticas e as nosas linguas.....	29
2.3.1	As linguas do mundo e o ecolingüismo.....	29
2.3.2	Orixe das linguas do Estado español.....	33
2.3.3	Los dialectos del español	36
2.3.4	El español de América	38
3.	Resumo de contidos	41
4.	Actividades complementarias.....	43
5.	Solucionario.....	50
5.1	Solucións das actividades propostas	50
5.2	Solucións das actividades complementarias.....	59
6.	Bibliografía e recursos	64
7.	Anexo. Licenza de recursos	65

1. **Introdución**

1.1 **Descrición da unidade didáctica**

Esta primeira unidade do módulo 2 complementa a primeira unidade do módulo anterior, profundizando contidos xa desenvolvidos antes, e achegando nova información.

- O seu primeiro bloque aborda o tema da expresión oral persoal, aplicada á lectura en voz alta, o recitado de poemas, ou a exposición oral de contidos diante dun público, así como de todos os aspectos relacionados coa comunicación non verbal a través do propio corpo.
- Un segundo bloque explica os diferentes tipos de textos audiovisuais a través dos que nos informamos en medios como a radio, a televisión ou Internet. En relación co uso social da lingua, tamén aborda o controvertido asunto do uso politicamente correcto da lingua, evitando expresións discriminatorias (sexistas, xenófobas ou homófobas).
- O terceiro bloque afonda na distribución das linguas no mundo enteiro e a súa distribución en familias. Explica logo a orixe histórica das linguas e dialectos do Estado español, e finaliza cunha exposición sobre a situación lingüística de Hispanoamérica.

Os contidos desenvólvense alternativamente en galego e castelán, e os apartados de cadanseu bloque van acompañados de exercicios na mesma lingua. Ao final da unidade ofrécese unha batería de actividades complementarias propostas na mesma orde dos contidos da unidade, primeiro en galego e logo en castelán.

1.2 **Coñecementos previos**

Como se explicou no apartado anterior, esta unidade complementa unha parte dos contidos xa desenvolvidos na unidade 1 do módulo 1, polo que cómpre ter ben asentados eses coñecementos previos para enlazalos cos novos datos que amplían os diversos apartados desta unidade. Os novos contidos atinxen a situacións comunicativas frecuentes na vida cotiá, así que o mellor método de estudo consistirá en establecer constantes relacións entre as explicacións ofrecidas na unidade e as propias experiencias persoais.

1.3 Suxestións para a motivación e o estudo

Esta unidade centrada na comunicación oral pretende incitar o alumnado a facer unha reflexión sobre os seus propios hábitos comunicativos, o xeito persoal de falar de cadaquén. Tamén cómpre suscitar unha análise das mensaxes que recibimos dende fóra, en especial, dende o mundo dos medios de comunicación e da publicidade.

É importante, pois, realizar unha aplicación práctica dos contidos desenvolvidos nesta unidade á vida cotiá do alumnado.

1.4 Orientacións para a programación temporal

Este apartado ofrece unha recomendación para a organización do tempo de estudo que cómpre dedicar a cada unidade didáctica do módulo. O número da unidade resaltado en **letra grosa** será o que se corresponde coa unidade didáctica que está vostede a ler.

Unidade 5. Comunicación oral

Esta unidade completa a unidade 1 traballada no módulo anterior. Presenta unha estrutura en tres bloques de contido que poderían prepararse, apoiando o traballo de estudo coa realización das actividades propostas e complementarias, ao longo de dúas semanas.

Unha primeira semana destinaríase a desenvolver os apartados 2.1 e 2.2, nunhas seis horas de estudo. O apartado 2.3 prepararíase nunhas catro horas de traballo da semana seguinte.

Unidade 6. Gramática da lingua

Esta unidade vai reforzar contidos xa traballados na unidade 2 do módulo anterior. Presenta unha estrutura en tres bloques de contidos aos que deberá dedicar un total de cinco semanas.

Nas dúas primeiras ocuparíase vostede do apartado 2.1; na terceira e cuarta, do apartado 2.2 e na última do apartado 2.3. En todas as semanas debe dedicar un mínimo de seis horas á asimilación dos contidos presentados e á realización das actividades propostas e complementarias.

Unidade 7. Comunicación escrita

Esta unidade vai reforzar os contidos xa traballados na unidade 3 do módulo anterior. Presenta unha estrutura en dous bloques de contidos aos que deberá dedicar un total de catro semanas.

Nas tres primeiras semanas ocuparíase vostede do apartado 2.1; na cuarta, do repaso do visto e do apartado 2.2. En todas as semanas debe dedicar un mínimo de seis horas á asimilación dos contidos presentados e á realización das actividades propostas.

Unidade 8. Educación literaria

Nesta unidade recoméndase repartir o traballo de estudo e elaboración das actividades propostas e complementarias ao longo de tres semanas. Unha primeira semana estaría destinada a desenvolver os apartados 2.1 e 2.2, nunhas seis horas de estudo; o apartado 2.3 e 2.4 prepararíase nunhas catro horas de estudo noutra semana e os apartados 2.5 e 2.6 veríanse nunha terceira sesión.

Coma sempre, lembre que o seu traballo persoal na casa é fundamental e necesario para acadar uns resultados positivos na súa formación e posterior avaliación.

2. Secuencia de contidos e actividades

2.1 Os textos orais

2.1.1 A lectura en voz alta e a recitación

A lectura é un proceso polo que atribuímos significados aos signos que percibimos visualmente. Para comprendermos un texto non cómpre pronuncialo en voz alta. A maneira máis habitual que temos de ler é a lectura silenciosa. É pouco frecuente practicar a lectura en voz alta ou o recitado de poemas, porén, é altamente recomendable por varios motivos:

- Fomenta a comprensión profunda dos textos, xa que é preciso entender moi ben o texto para facérllelo comprensible aos demais.
- Funciona como unha práctica espléndida de entoación e interpretación que mellora as nosas intervencións orais en público.
- Axuda a interiorizar as normas de puntuación e os períodos sintácticos, o que redonda nunha mellora da habilidade na redacción.

A lectura en voz alta

Aínda que pareza fácil, a lectura en voz alta non consiste tan só en transformar as palabras dos textos escritos en sons como se fósemos unha máquina. A función última da lectura en voz alta é facer comprensible un texto lido a uns oíntes que non o teñen diante e que non poden deterse ou retroceder na lectura no caso de non comprenderen algo por completo. Unha boa lectura en voz alta precisa que o lector ou a lectora se compenetren sempre co seu público e sexan quen de poñerse no seu lugar de escoitantes.

Velaquí unhas pautas para a posta en práctica da lectura en voz alta:

- Cómpre **preparar previamente o texto** que se vai ler, e precisamos lelo varias veces para asegurármonos de que entendemos todas as palabras e para practicar a pronuncia das palabras difíciles ou pouco frecuentes. Aínda que a puntuación do texto debería abondar para facer as pausas correctas na lectura, resulta moi útil, de ser posible, resaltar no texto cun lapis aquelas que convén facer para dar énfase a certo fragmento, ou para diferenciar as pausas que deben ser máis longas, doutras máis curtas. Ler un texto en voz alta de xeito improvisado require moita experiencia e práctica. Mesmo as persoas que habitualmente len discursos ou conferencias, ensaian e preparan o seu texto de antemán.

- É imprescindible **respectar os signos de puntuación**, xa que teñen unha función primordial para comprender o texto e para sinalar as relacións sintácticas e de sentido entre as súas diferentes partes. Existe unha xerarquía nas pausas sinaladas polos signos de puntuación. Ademais, cada signo de puntuación implica unha entoación diferente na lectura das oracións que compoñen o texto.
- Poderíamos resumir as indicacións a respecto da interpretación dos signos de puntuación nestes apartados:
 - O **punto e á parte** precisa unha pausa maior que un **punto e seguido**, xa que temos que sinalar que cambiamos de parágrafo e iso implica sempre o paso a unha nova idea do texto. Ambos os tipos de punto marcan o final dun período, así que a entoación ha de ser sempre descendente cara ao final da oración.
 - O **punto e coma** tamén implica unha pausa maior que unha coma sinxela. En ambos os casos a entoación non debe ser descendente, senón mantida a un nivel medio para indicar que a oración non está aínda rematada e que a idea prosegue e se completa deseguido.
 - Os **dous puntos** representan unha pausa intermedia entre o punto e seguido e a coma, semellante á pausa do punto e coma. Adoitan preceder a numeracións ou a explicacións ou aclaracións do texto anterior, polo que a entoación ha de manterse arriba e crear unha certa expectativa.
 - Os **signos de interrogación e exclamación** requiren unha entoación da oración moito máis marcada que a diferencie dunha oración enunciativa. Aínda que en galego só aparecen ao final da oración, cómpre ser conscientes de que se está a comezar a ler unha oración interrogativa ou exclamativa dende as primeiras palabras para axear a curva tonal dende o principio.
 - As **parénteses** introducen incisos aclaratorios ao texto, así que hai que sinalalos non só cunha pausa ben marcada (equivalente a un punto e coma) senón cun evidente cambio no ton da voz ou na entoación do fragmento entre parénteses.
 - As **comiñas** sinalan palabras especiais do texto. Tamén reproducen citas textuais de autores ou escritoras dentro do texto. Por iso cómpre sinalalas cunha breve pausa ao inicio e ao final e delas cun ton diferente ao resto do texto.
- Ademais de observar as pausas sinaladas polos signos de puntuación, é fundamental para a boa comprensión do texto por parte dos oíntes que a persona que lea en voz alta respecte **os grupos sintácticos** que compoñen as oracións.

Debemos facer unha leve pausa entre os suxeitos e os predicados das oracións; así como debemos evitar sempre detérmonos no medio dun grupo sintáctico por moi complexo que este sexa.

- É preciso **regular o volume e o ton da voz** para adecualos ás circunstancias nas que se realiza a lectura en voz alta. Non é o mesmo ler un texto dentro dunha aula pechada que nunha praza pública. O contido e a finalidade do texto tamén condicionará o ton con que debe ser lido: un texto expositivo sobre a estrutura da célula necesita un ton máis ben neutro, mentres que un chamamento en contra da violencia de xénero requirirá ton máis asertivo e reivindicativo.
- Manter un **ritmo de lectura pausado** facilita o labor dos oíntes, que non teñen por que coñecer, coma nós, o texto de antemán, polo que precisan dun tempo para ir asimilando e comprendendo o texto a medida que o están a escoitar. O ritmo pausado, emporiso, non debe forzarnos a facer a lectura monótona. Cada tipo de texto e cada fragmento do mesmo demandará un ritmo máis ou menos áxil ou vagaroso. Os **cambios de ritmo** axudarán a unha mellor comprensión do texto e dotarán a lectura dunha maior amenidade.
- A **vocalización** correcta das palabras, en especial das difíciles ou pouco frecuentes, tamén é fundamental para que o resultado da lectura resulte satisfactorio ao auditorio.

A recitación

A recitación consiste na declamación lida ou de cor dun texto poético. Os textos poéticos, como xa se estudou na unidade 4 do módulo 1, son aqueles que se escriben en verso coa intención de transmitir sentimentos ou ideas, ou de narrar unha historia, pero sempre de xeito rítmico ou musical.

Por iso, a todas as indicacións desenvolvidas no epígrafe anterior, que son válidas tamén para o recitado de poemas (especialmente a de comprender o texto en profundidade e practicar previamente a súa lectura), cómpre engadir outras relacionadas coa forma específica en que están escritos os poemas e que teñen que ver coa métrica, a rima e os recusos literarios empregados.

- Os poemas teñen un ritmo interno moi marcado pola métrica, a rima e os acentos de intensidade, polo que é conveniente evitar a cadencia de ladaíña baixando o ton ao **final de cada verso**. Debe facerse só se existe algún signo de ortografía (coma, punto, punto e coma, dous puntos) que o indique. Se o poema presenta **rima**, non resulta axeitado facer pausas constantes para sinalar eses sons. O efecto da rima actúa por si mesmo sen necesidade de resaltalo en exceso.

- É frecuente que un verso non remate en ningún signo de puntuación; nese caso falamos de que entre ese verso e o seguinte existe un **encabalgamento**. O natural é sempre facer unha lectura continua dun verso ao verso seguinte, facendo unha pausa case imperceptible para sinalar a rima, se a houber.
- É moi frecuente que nos poemas existan **hipérbatos** (alteración da orde lóxica dos elementos dunha oración) por múltiples motivos: para realzar algunha palabra, ou para situar a palabra en rima ao final do verso etc. Nestes casos é preciso facer un esforzo por comprender cal sería a "orde normal" desa secuencia e axudar á comprensión desa aparente desorde mediante o ritmo, a entoación ou as pausas axeitadas.
- No caso de que os **recursos literarios de repetición** (paralelismos, anáforas, leixapréns...) sexan os máis abondosos no poema, convén variar o ton en cada verso para evitar a monotonía das reiteracións.
- Se o poema presenta **interrogacións ou exclamacións retóricas** é preciso recitalas coa entoación apropiada ao tema do poema. Unha mesma exclamación pode querer indicar un mandato, unha súplica, un chamamento, unha queixa..., así que demanda un certo grao de interpretación parateatral.
- Os poemas narrativos poden presentar **diálogos** no seu interior, así que cumprirá marcar as diferentes intervencións de cada personaxe con cambios de ton ou de ritmo para que os oíntes poidan distinguilos.
- Un último consello sería escoller o **ton axeitado** ao contido e á temática do poema. Un poema narrativo pode recitarse cun ton xeral máis neutro nas partes narrativas e con maior énfase nos diálogos dos personaxes. Un poema intimista de temática transcendente axústase a un ritmo lento e a unha entoación adusta, mentres que a un poema satírico o de burla acáelle un ritmo máis vivo e retranqueiro.

Actividades propostas

- S1. Lea o texto atentamente e cópieo en forma de poema, facendo un verso con cada grupo de palabras que cómpre ler sen facer pausa. Comece una liña nova cando sexa necesario un alto na lectura. Ao mesmo tempo, subliñe aquelas palabras que conteñen datos que sería conveniente resaltar con certa énfase na lectura, ben mediante a entoación ou cunha lectura máis lenta. A primeira oración do texto xa vén preparada, como exemplo, ao final do texto.

Dentro do rexurdir literario do século XIX en Galicia, a presenza da muller, en calidade de escritora, é máis ben escasa... Mais a pesar diso, a nómina de escritoras non foi só reducida á cantora do Sar, a gran figura do XIX galego, e á que non nos imos referir aquí. Aquí pretendo lembrar aquelas que achegaron algo á literatura galega. [...]

Foi seguramente Nicolasa Añón a primeira poetisa que compuxo versos en galego. Son versos de feita popular... Trátase dunha elexía á morte de Farruco - o seu irmán Francisco - e un poema inspirado na visita de Afonso XII a Santiago. Nicolasa Añón debeu de nacer entre 1806 e 1810.

Clara Corral (1847-1908) foi unha boa escritora. O seu pai era fillo de Luís Corral, un dos primeiros escritores do século XIX... A súa poesía amosa a pegada de Rosalía... Hipólita Muíño foi mestra nacional en Ferrol e escribiu poemas en galego. Ramona de la Peña, co pseudónimo "morana" publicou un relato en prosa titulado Pregoeiro e un poema, *Desprezo*. Avelina Valladares, irmá de Marcial Valladares deixounos cinco poemas, entre os que destaca *A pobre orfiña*.

Aurora Marco, "Escritoras do XIX", revista *Grial*, maio-xuño 1984

EXEMPLO:

Dentro do rexurdir literario do século XIX en Galicia,
a presenza da muller,
en calidade de escritora,
é máis ben escasa...
Mais a pesar diso,
a nómina de escritoras non foi só reducida
a cantora do Sar,
a gran figura do XIX galego

S2. Lea varias veces con detemento o seguinte texto e sinale con barras oblicuas os momentos onde cumpriría facer pausas seguindo esta pauta. Logo practique a súa lectura en voz alta.

- Unha barra / sinala unha pausa case imperceptible entre grupos sintácticos.
- Dúas barras // unha pausa maior equivalente a unha coma.
- Tres barras /// unha pausa máis longa equivalente a un punto e seguido.
- Catro barras //// a pausa máis longa de todas.

Saíu á porta e mirou para o ceo. Estaba azul. Alguén lle preguntou desde dentro:

- ¿Que tal fai?

- Aínda non se ven nubes - respondeu.

Pero el estaba seguro. Tiña que vir. Doíalle unha perna e sentía como un niño de avésporas no corazón.

- Vas quedar mal.

Meteuse para dentro e pensou: «Non vou quedar mal, non». Sentouse nun banco e pediu outro vaso. As moscas facían un ruído como de rezos. El lembraba unha tronada do ano cuarenta. Non se colleitara nin para a semente. Fora tamén por este tempo. E viñera igual.

Carlos Casares, "A tronada" en *Vento ferido*.

- S3. Prepare a lectura deste texto dialogado, tendo en conta as indicacións que figuran entre parénteses. Logo léao en voz alta sen indicar que personaxe fala cada vez, tratando de sinalar as dúas voces con diferentes tons na lectura.

RAÍÑA NAI. (Chamando) - Adhelala... Adhelala...
ADHELALA. (Moi modosiña) - Maxestade...
RAÍÑA NAI. - Que anda a facer o meu neto?
ADHELALA. - Arrincando cedros milenarios i empurrando iñormes penedos pra...
RAÍÑA NAI. - Rabisaca! Non podes falar a dereitas? Xa se sabe que os penedos son decote iñormes e os cedros milenarios... E pra que fai iso?
ADHELALA. - Quer facer un dique e construír uns navíos, respectivamente.

Eduardo Blanco Amor, *Farsas para títeres*.

- S4. Escoite atentamente nestas ligazóns a dúas mulleres recitando senllos poemas. Logo estableza comparacións no seu xeito de dicir cadanseu poema analizando o ton, o ritmo, as pausas, as énfases, as repeticións, e calquera outro aspecto que lle resulte salientable.

Na primeira ligazón Maruxa Villanueva recita de memoria o poema "**Padrón...!**" de Rosalía de Castro:

<http://pasouquepasou.crtvg.es/content/maruxa-villanueva-recita-rosalia-no-programa-luar-en-1998>

Na segunda ligazón, Luz Pozo Garza le o poema "**Choiva en Compostela**" do seu poemario *Códice calixtino*: <http://pasouquepasou.crtvg.es/content/luz-pozo-poeta>

- S5. Lea estas tres estrofas do poema **Moraima** de Celso Emilio Ferreiro respectando os encabalgamentos e prepare a súa recitación tentando variar coa entoación os paralelismos presentes no texto.

Cando quero vivir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando semento a espranza.
Digo Moraima
e ponse azul a alba.

Cando quero soñar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a noite é pechada.
Digo Moraima
e ponse a luz en marcha.

Cando quero chorar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a anguria me abafa.
Digo Moraima
e ponse o mar en calma.

2.1.2 Introducción a la exposición oral

La exposición oral es una situación comunicativa en la que un orador u oradora habla frente a un auditorio acerca de un tema determinado. Tiene lugar en tiempo real y en presencia simultánea de la persona que habla y de su público, por ello adquieren gran importancia aspectos como la pronunciación y la entonación, así como la gestualidad.

Características de la exposición oral

Una correcta exposición oral ha de tener en cuenta los siguientes aspectos:

- La exposición ha de versar sobre un **tema central** alrededor del cual giran las ideas desarrolladas en la misma, evitando digresiones o ideas inconexas.
- Es preciso elaborar un **borrador** de las ideas que se quieren exponer y organizarlas en forma de **guión**. El guión servirá para ordenar las ideas de manera lógica y comprensible para el público y como apoyo mnemotécnico para la persona oradora.
- La exposición ha de presentar una **estructura** clara para los oyentes. La disposición lineal de la información más tradicional sería la de: **introducción, desarrollo y conclusión**. No obstante, el contenido de cada exposición oral condicionará otro tipo más específico de estructura.
- Además de los conocimientos y datos que la persona oradora posee previamente sobre el tema, es conveniente ampliarlos y contrastarlos a través de todo tipo de **fuentes de información**.
- Es muy recomendable reforzar visualmente las exposiciones orales con imágenes, esquemas, diagramas, gráficos o mapas conceptuales presentados mediante algún sistema de apoyo informático en forma de **presentaciones de diapositivas**.

Cada uno de estos aspectos concretos (tema, estructura, guión, presentaciones, etc.) se desarrollarán en mayor profundidad en las unidades de módulos siguientes.

Realización de la exposición oral

Los principales factores para lograr una comunicación eficaz de los contenidos de la exposición oral son:

- La persona oradora ha de situarse frente al auditorio, preferentemente de pie, con una postura relajada y natural. Elementos de apoyo como un atril o una mesa pueden facilitar este aspecto.

- La pronunciación ha de ser nítida y la entonación adecuada a los contenidos que expone. El ritmo ha de ser pausado para que el auditorio pueda seguir correctamente el hilo argumental de la exposición. Deben evitarse los tonos monótonos o monocordes y es muy conveniente enfatizar los términos o conceptos principales con recursos enfáticos, como pausas o cambio de ritmo.
- La gestualidad debe ser medida y su función ha de retringirse a apoyar o recalcar lo que se está diciendo. Este aspecto se desarrolla en el siguiente apartado de esta misma unidad.
- También es muy importante mantener contacto visual con el público. No se debe fijar la mirada en una sola persona, sino variarla con frecuencia incluyendo a todos los oyentes.
- Se debe prestar atención al guión cuando sea necesario, pero no debe ser consultado constantemente ni, mucho menos, leerlo literalmente. Es muy conveniente evitar las **muletillas** (o sea, *vale...*) o las **palabras comodín** (cosa, hacer...)
- Es fundamental la empatía con el público, por lo que la persona oradora ha de controlar el tiempo de la exposición y no alargarla en exceso. Es mucho más productiva una exposición concisa, amena y clara, que una exposición larga y densa.
- En cuanto a los apoyos visuales a la exposición con imágenes o presentaciones de diapositivas, conviene señalar que no deben servir de sustituto a la propia explicación oral. Su verdadera utilidad radica en que sirvan de referencia a los datos o los contenidos desarrollados en la explicación.

Todos estos aspectos pueden resumirse en tres recomendaciones básicas:

- Naturalidad y seguridad en cuanto a la voz, el ritmo y la gestualidad
- Desarrollo claro de las ideas, con un orden lógico y fácil de seguir.
- Adecuación del tema, del vocabulario y del nivel de la exposición al público.

Actividades propuestas

- S6.** Escuche con atención las recomendaciones de esta experta en comunicación personal y conteste las siguientes preguntas: <http://rtve.es/v/3504976/>
- a) ¿Qué tres tipos de inseguridades hay que dominar para hablar bien en público?
 - b) Explique cinco síntomas de incomodidad explicados en el video.
 - c) ¿Qué tipo de movimientos recomienda utilizar la experta en comunicación personal?

S7. Escuche este otro video de la misma experta en comunicación personal y conteste las siguientes preguntas: <http://rtve.es/v/3632619/>

- a) ¿Qué aconseja ensayar previamente la experta?
- b) ¿En qué posición es más recomendable realizar la exposición y por qué?
- c) ¿Qué posiciones corporales son consideradas incorrectas?

S8. Analice qué consejos nos ofrece otro experto en comunicación oral en este video contestando las preguntas: <http://rtve.es/v/3935623/>

- a) Explique qué tres características ha de tener una buena exposición oral breve.
- b) ¿Cuál de los siete pasos que explica el experto son útiles en una exposición oral?
- c) Razone cuáles de esos siete pasos le parecen más importantes o cuáles menos.
- d) Realice una valoración del propio experto sobre su manera de explicarnos el tema.

2.1.3 A linguaxe non verbal

A comunicación oral contrúese con varios tipos de linguaxe simultáneos. A diferenza do texto escrito, o texto oral chega acompañado da imaxe do emisor, da súa mirada, as súas expresións faciais, os seus xestos e os seus movementos no espazo. En definitiva, cando conversamos con alguén ou falamos en público, o noso corpo todo envía mensaxes aos nosos interlocutores. Ao estudo deste aspecto da comunicación humana dedícanse a **quinésica** e a **proxémica**.

A quinésica

A quinésica estuda as formas de comunicación baseadas nos movementos corporais e os xestos cos que acompañamos, voluntaria ou involuntariamente, os nosos actos de fala:

- A **expresión facial**: O proverbio que di que "*a cara é o espello da alma*" resume perfectamente a idea principal deste punto. Percibimos os estados de ánimo das persoas porque sabemos ler os seus xestos faciais. Cando falamos, sen sermos moitas veces conscientes, podemos reforzar, enfatizar, ou mesmo contradicir a mensaxe que pronunciamos mediante as nosas expresións faciais.

Dentro do amplo abano de expresión faciais, o **sorriso** é unha das máis importantes, porque o seu uso frecuente facilita a comunicación, xa que transmite confianza. En cambio, se se utiliza demasiado ou de xeito esaxerado pode producir o efecto contrario e transmitir insinceridade.

- A **mirada** entraría dentro do punto anterior pero merece un apartado propio. Ademais de expresar o estado de ánimo da persoa, o contacto visual é moi importante nos actos comunicativos. O **contacto visual** abre e mantén aberta a canle comunicativa. Falar sen mirar aos ollos a alguén pode ser interpretado de moitos xeitos, pero todos eles negativos: timidez, falta de credibilidade, ou sentimento de superioridade. Desviar a mirada de alguén que nos está a falar pode demostrar desinterese pola nosa parte.
- Os **xestos** comprenden todos aqueles movementos cos que nos expresamos, en especial, a través das **mans** e da **posición corporal**. Hai persoas que movent moito as mans cando manteñen conversas espontáneas, xa que isto forma parte da súa personalidade e resultan xestos involuntarios. O máis importante é controlar o movemento das nosas mans cando falamos en público e utilízalas como xestos ilustrativos do que dicimos ou para sinalar aspectos dunha imaxe, diagrama ou mapa que acompañe a nosa exposición. Coa nosa **posición corporal** tamén lanzamos mensaxes aos nosos interlocutores: estar cruzados de brazos, coas mans nos petos, escarranchados nunha cadeira, son posturas que transmiten pouco interese ou falta de cortesía de cara á persoa coa que falamos.

A proxémica

A **proxémica** estuda o espazo que se establece entre os interlocutores. Canto menor é o espazo que separa a dúas persoas que falan tanto maior é o seu grao de intimidade. Deste xeito, poden distinguirse unha **distancia íntima** (15 a 45 cm) entre amigos, familia ou parella; unha **distancia persoal** (45 a 120 cm) en conversacións con persoas de trato frecuente como, por exemplo, colegas de traballo; e unha **distancia social** (120 a 360 cm) que mantemos coas persoas alleas a nós, por exemplo, o dependente dun comercio.

Actividades propostas

- S9.** Analice os rostos destas persoas. Describa as súas expresións faciais e a partir deses datos, explique cal pode ser a súa situación emocional.



- S10.** Vexa nestas ligazóns as reportaxes sobre a gravación da serie O faro da RTVG, nas que entrevistan o actor Adrián Castiñeiras e a actriz Belén Constenla. Describa a relación que existe entre os acenos que fan coas mans e o que están a dicir nese momento.

<http://www.crtvg.es/informativos/asistimos-a-rodaxe-de-novos-capitulos-de-o-faro-875737>

<http://www.crtvg.es/informativos/visitamos-a-rodaxe-da-segunda-tempada-de-o-faro-870931>

- S11.** Analice as seguintes fotos e describa que mensaxe transmiten as mans que aparecen nelas.



2.2 Los textos orales audiovisuales

2.2.1 Clasificación de los textos orales audiovisuales

El lenguaje audiovisual es un código mixto, verbal y visual. A las palabras les acompañan toda una serie de elementos que componen mensajes altamente complejos: los distintos tipos de plano, el ángulo y movimiento de la cámara, la iluminación y el color, etc., que los hacen muy atractivos y motivadores. Todo ello exige del espectador una actitud crítica y una toma de conciencia del poder emotivo y evocador de las imágenes, especialmente en el caso de la publicidad.

Los productos audiovisuales que más consumimos en la actualidad son todos aquellos programas elaborados para medios de comunicación como la televisión o también los anuncios publicitarios, además de los videos realizados para las plataformas de internet.

En función de su intencionalidad, podemos distinguir tres tipos fundamentales de géneros audiovisuales: los **periodísticos**, los **persuasivos** y los de **entretenimiento**. De estos últimos no nos ocuparemos en este apartado.

Los géneros periodísticos audiovisuales

Los géneros periodísticos televisivos se pueden clasificar en función de dos parámetros: en función de la participación de una sola persona que habla o de la colaboración de varias (**monologados/dialogados**) y en función de su intención meramente informativa o de expresar opiniones (**informativos/de opinión**).

	Monologados	Dialogados
Géneros informativos	Expositivos o divulgativos: Ofrecen una versión distanciada de hechos de actualidad y de interés. Transmiten con objetividad hechos, ideas u opiniones ajenas. Por ejemplo: <i>Noticia, reportaje, informe, documental.</i>	Apelativos: Exponen hechos, ideas u opiniones de personas expertas en alguna materia, o de personalidades políticas, culturales, deportivas... En ellos, el informador pasa a un segundo plano y actúa como interrogador o moderador. Por ejemplo: <i>Entrevista, debate, tertulia, rueda de prensa, encuesta.</i>
Géneros de opinión	Expresivos o testimoniales: Exponen las opiniones o testimonios del propio autor o autora del mensaje. Por ejemplo: <i>Editorial, comentario, crítica, crónica.</i>	

Las características específicas de los géneros de opinión se desarrollan en el módulo 4, por lo que aquí nos limitaremos a clasificarlos y a poder reconocerlos en la pantalla.

La publicidad audiovisual

El **mensaje publicitario** es un **texto audiovisual persuasivo** cuyo objetivo es presentar productos o servicios con la finalidad de convencer e incitar al destinatario a consumir un producto o a contratar un servicio.

Los mensajes publicitarios audiovisuales simultanean distintos códigos:

- El **código verbal**, en textos orales o escritos en forma de eslóganes: mensajes destinados a captar y atraer la atención del espectador.
- El **código paralingüístico**, que centra su atención en el diseño y la tipografía del producto, en especial de los logotipos; los símbolos gráficos de las empresas o marcas anunciantes.
- El **código icónico y sonoro**, compuesto por las imágenes en movimiento y las melodías o sintonías asociadas a los productos.

Como la utilización especial del lenguaje y la lectura de imágenes fijas en publicidad se estudiará más adelante en otras unidades, en este apartado sobre textos persuasivos publicitarios nos detendremos solamente a describir los diferentes **esquemas argumentales** más habituales de la publicidad audiovisual:

- **La demostración:** consiste en probarle al consumidor de forma clara y explícita las múltiples ventajas del producto, con sus características y sus aplicaciones prácticas. En muchas ocasiones, un experto o una persona en un laboratorio apoyan y ratifican la calidad y la credibilidad del producto. Un ejemplo evidente sería el anuncio de una marca de pasta dentífrica en la que aparece un odontólogo recomendando su uso.
- **La comparación:** se suelen comparar los beneficios del producto que se anuncia frente al producto semejante de la competencia. También puede compararse una nueva versión mejorada del producto con una anterior de la misma marca. Un ejemplo posible sería el anuncio de un banco que amplía su oferta de servicios al cliente.
- **La analogía:** se basa en provocar la asociación consciente o inconsciente de dos ideas en el espectador, de manera que suelen presentarse situaciones de éxito o de felicidad en relación al consumo de ciertos productos. Un ejemplo evidente sería cualquier anuncio de perfume que incita, provoca e invita a la seducción amorosa con su uso.
- **El problema-solución:** es un esquema sencillo en el que se plantea un problema que debemos resolver y un producto que lo soluciona de manera eficaz. Son frecuentes en la actualidad los anuncios de plataformas de internet que ayudan a gestionar viajes: compra de vuelos *on line*, reserva de hoteles, etc.

- **El testimonio:** su efectividad radica en presentar personas, supuestamente reales, que cuentan su experiencia positiva como usuarios y consumidores del producto. En muchos casos los protagonistas del anuncio son personajes famosos. Es bastante frecuente este esquema argumental en productos de higiene femenina.
- **Trozos de vida:** se denominan así los anuncios que desarrollan una minúscula historia, a modo de *micropelícula*, que plantea una anécdota de la vida cotidiana. Ello facilita la identificación del espectador con los protagonistas de la historia. Este esquema es muy asiduo en anuncios de productos de alimentación infantil, como galletas o papillas.

Actividades propuestas

S12. Clasifique cada uno de los géneros periodísticos audiovisuales que aparecen en los siguientes enlaces según los criterios utilizados en el cuadro de este apartado.

ENLACE 1. http://rtve.es/v/3978364	ENLACE 4. http://rtve.es/v/3971748/
ENLACE 2. http://rtve.es/v/3969689/	ENLACE 5. http://rtve.es/v/3977996/
ENLACE 3.- http://rtve.es/v/3969678/	ENLACE 6. http://rtve.es/v/3975438/

S13. Escuche atentamente en el siguiente enlace (<http://rtve.es/v/3968678>) las explicaciones de Luis Alberto de Cuenca sobre el Cantar de Mio Cid. Durante el visionado, tome las notas necesarias para responder a las cuestiones siguientes:

- ¿Por qué el Cantar de Mio Cid no se considera el primer poema en castellano?
- ¿Cuál es la única copia del Cantar de Mio Cid y dónde se conserva?
- ¿Qué datos se tienen del posible autor del Cantar de Mio Cid?
- ¿Cómo trabajaban los juglares que reproducían los cantares de gesta?
- ¿Qué mensajes morales transmite el poema?
- Clasifique el género de este programa según el cuadro del apartado 2.2.1.

S14. Analice estos anuncios publicitarios y explique el esquema argumental que utiliza cada uno de ellos:

ANUNCIO 1.	https://youtu.be/m8NWyoEqof0
ANUNCIO 2.	https://youtu.be/1JB6FAoU6mE
ANUNCIO 3.	https://youtu.be/SmwJS9UtUnU
ANUNCIO 4.	https://youtu.be/OvL22imo4pc
ANUNCIO 5.	https://youtu.be/kBrPL_zYhmo
ANUNCIO 6.	https://youtu.be/aRV-2_Un-kk

S15. Escuche este reportaje radiofónico sobre la evolución de la publicidad en Televisión Española y responda estas preguntas: <http://rtve.es/a/3782881>:

- a) ¿Cómo cambió la publicidad las costumbres de los españoles de los años 60?
- b) ¿Cuáles fueron los primeros productos aparecidos en la publicidad televisiva española?
- c) ¿Qué imagen se ofrecía de las mujeres en la publicidad de los años 60?
- d) Reflexione si esa imagen de la mujer ha evolucionado hasta nuestros días.
- e) Realice una breve comparación entre los anuncios antiguos de ese tipo de productos y los actuales.

2.2.2 Textos xornalísticos informativos de carácter oral

Os medios de comunicación audiovisuais a través dos que adoitamos informarnos son fundamentalmente a **radio** e a **televisión**. O desenvolvemento das novas tecnoloxías permite que hoxe en día tamén dispoñamos de produtos audiovisuais aloxados nas **páxinas web** dos **xornais dixitais** acompañando os textos escritos; ou tamén en plataformas informativas na rede.

O propósito dos xéneros informativos audiovisuais é transmitir de maneira obxectiva os feitos de actualidade e de interese xeral para o público, polo que as modalidades discursivas que acostuman utilizar son a **narración de feitos** ou a **exposición de datos**.

Os xéneros informativos radiofónicos

- Os **noticiarios** son programas de duración media, de entre media hora a hora e media, que ofrecen as noticias máis salientables; habitualmente en tres emisións diarias: unha matutina, outra de mediodía e unha derradeira á noite. Moitos deles non só difunden noticias, senón que tamén as comentan ou analizan.
- A **noticia radiofónica** narra os acontecementos de xeito conciso mediante o monólogo do xornalista, que pode complementalo con declaracións gravadas dos protagonistas ou de testemuñas dos feitos.
- O **boletín informativo** é un programa de noticias de curta duración que se emite xeralmente cada hora en punto coa finalidade de actualizar as noticias que van xurdindo ao longo do día.

- Existen tamén **boletíns temáticos** como pode ser o parte meteorolóxico ou a información do tráfico da DGT. Estes boletíns poden ser emitidos autonomamente na programación da cadea radiofónica ou como unha sección dentro dun noticiario.

Os xéneros informativos televisivos

- Os **telexornais** son os programas informativos por excelencia das canles de televisión e emítense habitualmente de entre dúas a catro veces ao día. Organizan a información en base a un guión previo que segue normalmente esta orde:
 - **Noticia de portada:** o telexornal adoita comezar cunha noticia de especial interese ou actualidade, que ocupa un lugar destacado ao inicio da emisión.
 - **Avance de titulares:** destácanse as noticias máis salientables que serán tratadas con máis detalle ao longo do programa.
 - **Seccións:** expóñense o resto de noticias agrupadas en seccións, organizadas xeograficamente (internacional, nacional, rexional, local) ou por temática (política, economía, sociedade, cultura, deportes).
 - **Despedida:** o locutor ou a presentadora agradecen a atención da audiencia, lembran cal será o horario de emisión do seguinte informativo, e moitas veces escollen noticias singulares ou anecdóticas como peche do programa.
- A **noticia** é a unidade comunicativa de sentido que conforma os telexornais. O xornalista debe procurar contar os feitos tal como sucederon de xeito real e obxectivo, xa que a súa función é informar e non ofrecer a súa opinión persoal. Posúe unha estrutura cuádrupartita, equivalente á que presentan as noticias escritas dos xornais:
 - **Apertura** ou **arranque:** corresponde coa frase ou fórmula inicial coa que o locutor pretende chamar a atención dos espectadores.
 - **Entrada** ou **lead:** amplía a información da apertura, achegando os datos esenciais que se desenvolverán deseguido.
 - **Corpo:** onde se explican os feitos ou se expoñen os datos polo miúdo. A necesidade de manter constantemente a atención dos telespectadores obriga a presentalos de tal xeito que non decaia a tensión inicial. Poden aparecer **declaracións** de persoas protagonistas ou relacionadas coa noticia.
 - **Peché:** a locutora ou o presentador resume os datos esenciais da noticia, ou ben deixa aberta a posibilidade de ampliar a información sobre esa nova en vindeiras edicións do telexornal.

- A **reportaxe**, tanto televisiva como radiofónica, relata algún acontecemento de xeito máis exhaustivo cá noticia. A súa temática pode ser máis variada, xa que non ten que estar necesariamente relacionada cun feito recente. Os xornalistas realizan un proceso previo de documentación e recollen opinións ou declaracións de expertos ou protagonistas dos feitos narrados. Ao tratarse dun xénero informativo, nin o texto nin as imaxes deben manifestar opinións ou valoracións dos propios informadores, senón xa estaríamos a falar doutro xénero xornalístico que recibe o nome de **crónica**.
- O **documental** é unha variante da reportaxe de actualidade pero que non están tan suxeitos á realidade inmediata. Isto permíttelles enfocar os feitos a un nivel moito máis profundo e analítico. O documental persegue unha certa permanencia ao longo do tempo, polo que pode manter a súa vixencia e emitirse varias veces pasado xa tempo dos sucesos que expón.

Actividades propostas

S16. Escoite esta emisión do noticiario **A crónica** e analice a súa estrutura respondendo as preguntas:

<http://www.crtvg.es/rg/podcast/a-cronica-a-cronica-do-dia-14-04-2017-2870677>

- a) Existe unha sintonía inicial ou cabeceira que destaque o seu inicio?
- b) De que maneira se expón o avance dos titulares e de cantos titulares se compón.
- c) Identifique as distintas seccións ou apartados nos que se divide o noticiario.
- d) Analice en que orde están dispostas as seccións: xeográfica ou tematicamente.
- e) Cantas locutoras narran as noticias?
- f) Como se reparten os contidos informativos?
- g) Soan outras voces nalgunhas noticias?
- h) Como se denominan esas intervencións?
- i) Que tipo de fórmula de peche se utiliza ao final do noticiario?

S17. Vexa un telexornal completo da RTVG e anote os datos necesarios para responder a estas cuestións:

- a) Existe unha sintonía inicial ou cabeceira que destaque o seu inicio?
- b) Aparece algunha noticia de apertura? Reflexione por que cre que foi escollida.
- c) De que maneira se expón o avance de titulares e de cantos se compón?

- d) Identifique as distintas seccións ou apartados nos que se divide o telexornal.
- e) Analice en que orde están dispostas as seccións: xeográfica ou tematicamente.
- f) Apunte o número total de noticias que emiten en cada sección.
- g) Valore a forma de falar e a actitude do presentador ou da presentadora.
- h) Que tipo de fórmula de peche se utiliza ao final do telexornal?

S18. Observe os primeiros seis minutos de emisión deste telexornal matinal da RTVG *Bos días* e responda as preguntas:

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/informativo-xordos-501>

- a) Existe unha sintonía inicial ou cabeceira que destaque o seu inicio?
- b) Que ten de peculiar este telexornal?
- c) Reflexione sobre a importancia deste aspecto diferencial.
- d) Analice se o seu contido informativo é diferente ao dun telexornal convencional.
- e) Que parte do telexornal ocupan estes primeiros seis minutos de emisión?
- f) Que orde seguen as novas que introduce o presentador?

S19. Os medios audiovisuais utilizan o punto de vista das imaxes para manter a atención da audiencia incidindo nas súas emocións máis que na súa racionalidade. Analice e compare os distintos efectos que poden producir sobre o espectador as diferentes maneiras de ofrecerlle esta noticia:

Inundacións nunha vila da India con numerosas vítimas.

- a) Mediante unha noticia breve e sen foto nas páxina interiores dun xornal.
- b) A través dunha noticia radiofónica breve, sen declaracións, ao final do noticiario.
- c) Cunha reportaxe radiofónica de dez minutos na que se recollen declaracións de autoridades e ONGs.
- d) Presentada como unha noticia do telexornal con planos xerais da riada e datos sobre o número de vítimas.
- e) Publicada como noticia de portada do xornal con fotografía a toda páxina de cadáveres amontoados.
- f) Como noticia de apertura do telexornal co plano dun neno chorando que camiña soño perdido pola rúa.

2.2.3 Lengua y discriminación

La lengua es un producto cultural, es decir, forma parte de la manera de ver el mundo de una civilización en un lugar y momento determinados de la historia. A través de la lengua, cada comunidad de hablantes expresa sus experiencias, conforma su pensamiento, moldea sus costumbres, educa a las nuevas generaciones, establece sus relaciones internas y externas. En definitiva, la lengua es reflejo de los valores de una sociedad.

Es por ello que la lengua no puede sustraerse de los aspectos más negativos de las sociedades actuales como son la discriminación por razón de sexo, de raza u origen, o por la condición sexual de las personas.

El sexismo en la lengua

El diccionario de la RAE (Real Academia Española de la Lengua) define sexismo como: "*Discriminación de las personas por razón de sexo*". Por su parte, el diccionario de la RAG (Real Academia Galega da Lingua) lo define como: "*Ideoloxía, comportamento ou actitude que manifesta discriminación das persoas atendendo ao seu sexo*".

Ambas definiciones son imprecisas porque el sexismo no es neutral: el sexismo favorece siempre al sexo masculino y minusvalora, desprecia y discrimina a la mujer. Los fenómenos lingüísticos que muestran con mayor evidencia la concepción sexista de nuestra sociedad son de dos tipos: **léxicos** y **morfosintácticos**.

- **Sexismo léxico:** se manifiesta en multitud de palabras que mantienen matices diferentes en caso de referirse a hombres y a mujeres. Veamos solamente unos pocos ejemplos:
 - **Señoritolseñorita:** el diccionario de la RAE solo recoge que a la mujer soltera haya que llamarla *señorita* en lugar de *señora*, especialmente si es docente, secretaria o empleada de la administración o el comercio. No especifica nada semejante en el caso del término en masculino. Un varón siempre es señor, independientemente de su estado civil.
 - **Individuo/individua:** ambos términos se utilizan coloquialmente para referirse a alguien indeterminado. Pero a la forma femenina se le añade además el significado de "*mujer despreciable*". Algo semejante sucede con los sentidos connotativos de palabras como *fulano/fulana*, *perro/perra*, *zorro/zorra*. Los términos masculinos pueden resultar peyorativos, pero nunca valoran el comportamiento sexual de los varones mientras las voces femeninas condenan la promiscuidad sexual de la mujer.

- **Presidentelpresidenta:** la evolución social de la cultura occidental ha dado pie a que unas cuantas mujeres hayan accedido al cargo de presidentas de su nación. No obstante, el diccionario todavía mantiene como última acepción coloquial de la forma femenina la de "*mujer del presidente*". Jamás ha figurado para el término presidente el significado equivalente de esposo de la presidenta. Sucede en otros muchos casos como *alcalde/alcaldesa*, *juez/jueza*, *doctor/doctora*, *amo/ama*, etc.
- **Sexismo gramatical:** manifiesta la ocultación de la mujer en el lenguaje, mediante el uso genérico de palabras masculinas para referirse a personas de ambos géneros. Esta característica gramatical de ciertas lenguas romances genera una invisibilización de la mujer en la sociedad y denota el consenso social existente de cierta primacía masculina. Reconozcámoslo en algunos ejemplos:
 - Percibimos síntomas de enfermedad en alguien y le aconsejamos: "*Debería verte un médico*." Le comentamos a alguien que vamos a realizar una consulta legal diciendo: "*Tengo que hablar con un abogado*." La lengua considera el masculino como genérico aplicable a personas de ambos sexos, pero ello produce en nuestro subconsciente la idea de que lo excepcional sea que una mujer realice esa profesión.
 - Estamos en grupo de tres hombres y siete mujeres y nos referimos al conjunto como "*todos nosotros*". Solo en el caso de que el grupo esté compuesto exclusivamente por mujeres decimos: "*todas nosotras*". De nuevo, este uso del genérico masculino obliga a las mujeres a sentirse incluidas en un grupo mencionado en masculino, independientemente de la proporción de hombres y mujeres que lo constituyan.

Una vez hemos tomado conciencia de nuestros hábitos al hablar en relación al sexismo lingüístico, es el momento de ponerles remedio. Estas tres recomendaciones son útiles para evitar ejemplos de uso discriminatorio como los planteados antes:

- Preferencia por el uso de sustantivos **colectivos**: mejor "el vecindario" que "los vecinos", mejor "el personal docente" o "el profesorado" que "los profesores", mejor "la tripulación de vuelo" que "los pilotos y azafatas", mejor "el servicio de limpieza" que "las mujeres de la limpieza", etc.
- Preferencia por el uso de sustantivos **epicenos** o por **determinantes** que no marquen género gramatical: mejor "las personas" que "los hombres", mejor "cada miembro del equipo" que "todos los miembros del equipo".

- En caso de no ser posibles los usos anteriores, es conveniente emplear la **duplicidad de géneros** si incluimos personas de ambos sexos: mejor "las niñas y los niños" que solamente "los niños", mejor "los y las atletas" que solamente "los atletas", mejor "los oyentes y las oyentes" que solo "los oyentes".

Xenofobia y homofobia

La **xenofobia** es la manifestación del rechazo, desprecio u odio a personas de procedencia extranjera o de otras etnias diferentes a la propia, que percibimos como diferentes y que consideramos inferiores. De manera semejante al sexismo, se manifiesta en la lengua con expresiones comunes que responden a estereotipos negativos asociados a:

- **Grupos étnicos** que tomamos como referentes negativos en expresiones peyorativas como "*trabajar como un negro*", "*ir hecho un gitano*", "*ser un moro*", "*hacer el indio*", "*hacer una judiada*", etc.
- **Nacionalidades ajenas a la propia** que mencionamos con términos despreciativos como *gabacho*, *guiri*, *sudaca*, *gallego*, o que utilizamos en expresiones como "*ser un trabajo de chinos*", "*hacerse el sueco*", etc.

La homofobia reponde al rechazo, desprecio u odio hacia personas del colectivo LGTBI (lesbianas, gays, transexuales, bisexuales e intersexuales) La RAE no recoge los términos transfobia* o bifobia* para referirse específicamente al rechazo de transexuales o bisexuales, de manera que la lengua nos obliga a usar el término homofobia para englobar realidades que así parecen quedar ocultas, como se ha explicado previamente.

Las homofobia está incorporada a la lengua en forma de términos más o menos despreciativos, los **insultos**, que tenemos plenamente incorporados a expresiones comunes que se usan sin intención ofensiva. Suelen circunscribirse a dos temáticas principales:

- **Los roles masculino/femenino** que las personas LGTBI suelen subvertir. De ahí que escuchemos con cierta normalidad palabras como *marica*, *maricón*, *mariconazo*, *mariconada*, *nena*, *nenaza*, *marimacho*, *camionera*, etc. para designar actitudes que, erróneamente, se consideran propias del género contrario a la persona que se aplica, y que siempre conllevan apreciaciones negativas en expresiones como "*no digas mariconadas*".
- **Prácticas sexuales** consideradas "incorrectas" o "desviadas" por la moral patriarcal heterosexual y que se asocian con los grupos LGTBI. Un único ejemplo, por común y habitual y para no ahondar en expresiones de mal gusto, sería "*dar por culo*".

La corrección política: tabúes y eufemismos

Puede definirse la **corrección política** como la actitud orientada a lograr cierta igualdad entre las diversas minorías que componen una sociedad multicultural y multiétnica en favor de los grupos sociales discriminados (mujeres, inmigrantes, minorías étnicas, personas LGTBI etc).

Sus logros lingüísticos, paralelos a los de las realizaciones sociales, han sido claros en la feminización de los sustantivos que nombran cargos, profesiones y trabajos (presidenta, médica, jueza, ingeniera, etc.), así como en la depuración de acepciones discriminatorias en el léxico de la lengua. Pero el lenguaje políticamente correcto se ha prodigado en el discurso de la política y de los medios de comunicación de tal manera que también puede ser visto desde una perspectiva crítica: la banalización de lo políticamente correcto se ha convertido en una enfermiza ocultación de la realidad a través del lenguaje eufemístico.

Los **eufemismos** son las expresiones que se utilizan para evitar palabras que hacen referencia a realidades que resultan desagradables por razones personales, culturales, sociales o religiosas. Sustituyen a las palabras **tabú** en estas circunstancias:

- **Tabúes escatológicos:** los eufemismos eluden palabras consideradas malsonantes o de mal gusto. Por ejemplo: *orinar* por *mear*, *hacer de vientre* por *cagar*, *trasero* por *culo*.
- **Tabúes laborales:** los eufemismos tratan de ennoblecer profesiones con una baja consideración social realidades laborales desagradables. Por ejemplo: *trabajadora sexual* por *prostituta*, *desempleado* por *parado*, *regulación laboral* por *despido*.
- **Tabúes sociales:** los eufemismos suavizan situaciones de minusvaloración personal. Por ejemplo: *persona de movilidad reducida* por *minusválido*, *tercera edad* por *vejez*, *grueso* por *gordo*, *toxicómano* por *drogadicto*.
- **Tabúes culturales:** los eufemismos mitigan conceptos negativos para cada cultura. Frecuentemente son términos relacionados con las creencias religiosas. También los **tacos** son sustituidos por palabras más suaves. Por ejemplo: *fallecer* por *morir*, *ostras* por *hostia*, *caramba* por *carajo*.

Actividades propuestas

S20. Consulte los siguientes términos en el diccionario de la RAE (Real Academia Española) en el siguiente enlace <http://dle.rae.es/?w=diccionario> y analice si presentan definiciones con algún matiz sexista: *mancebo/a*, *prójimo/a*, *brujo/a*, *chacho/a*, *sastre/a*, *hombre público/mujer pública*.

S21. Lea esta entrevista a la doctora en Filología Románica, Eulalia Lledó y responda estas preguntas:

<http://www.diariovasco.com/20090307/al-dia-sociedad/tiene-definiciones-alarmantemente-sexistas-20090307.html>

- a) ¿Cree Eulalia Lledó que el lenguaje es sexista?
- b) ¿Por qué opina Eulalia Lledó que los académicos de la RAE son sexistas?
- c) ¿Mediante qué recurso lingüístico incluyeron a los primeros enfermeros dentro de este colectivo profesional?
- d) ¿Qué opina la doctora Eulalia Lledó del uso de la duplicidad de formas en los textos orales o escritos?

S22. Reflexione y responda las preguntas siguientes acerca de esta cita del lingüista y estadista germano Wilhelm von Humboldt (1767-1835):

- El hombre describe la objetividad del universo desde la subjetividad de la lengua.
- La imagen que el hombre se hace del universo depende de la lengua que hable.

Wilhelm von Humboldt

- a) Explique con sus propias palabras qué quiere expresar Wilhlem von Humboldt con esta afirmación.
- b) Razone si Humboldt está incluyendo a las mujeres en este pensamiento.
- c) Reflexione si las lenguas son discriminatorias o si los hablantes de las lenguas las hacen discriminatorias.

S23. Escriba oraciones en las que aparezcan expresiones eufemísticas que sustituyan a estas palabras tabú: *cárcel*, *loco*, *guerra*, *ciego*, *huelga*, *muerto*.

S24. Identifique qué palabras tabú sustituyen estos eufemismos: *hogar infantil*, *deceso*, *centro psiquiátrico*, *inodoro*, *persona de color*, *entrado en carnes*, *miembro viril*, *tener la regla*, *interrupción voluntaria del embarazo*, *pasar a mejor vida*, *alopecia*.

S25. Redacte un texto de aproximadamente 100 palabras en el que reflexione acerca del uso que actualmente se hace de la corrección política en las declaraciones públicas de personalidades del ámbito político, cultural o deportivo.

2.3 As familias lingüísticas e as nosas linguas

2.3.1 As linguas do mundo e o ecolingüismo

Unha das maiores riquezas culturais do mundo é a abundancia de linguas que o poboan. Resulta practicamente imposible contabilizar o número total de linguas da actualidade, así que destacaremos as familias lingüísticas máis importantes e as linguas que teñen unha maior relevancia a nivel mundial ou unha maior cercanía á nosa cultura.

As linguas indoeuropeas

Como xa vimos no primeiro módulo, a maior parte das linguas de Europa constitúen a familia de **linguas indoeuropeas**. Dentro delas destacan catro pola súa expansión en todo o planeta: o **inglés**, o **portugués**, o **francés** e o **español**, do que nos ocuparemos en apartados sucesivos nesta mesma unidade.

O **inglés** é a lingua cun número maior de falantes despois do chinés. Ademais hoxe en día está considerada a *lingua franca* de comunicación internacional para as relacións políticas e o comercio internacional. É a lingua oficial de **Reino Unido**, os **Estados Unidos** e **Australia**, e é cooficial en **Irlanda**, **Canadá**, así como en moitos outros países que forman parte da Commonwealth ao longo da historia, como a **India** e **Paquistán** e gran parte dos países africanos subsaharianos (**Sudáfrica**, **Kenia**, **Tanzania** etc).

O **portugués** ocupa o terceiro lugar en número de falantes no mundo de entre as linguas indoeuropas. Defínense como **países da lusofonía** aqueles que falan hoxe portugués: **Portugal**, **Brasil**, países africanos como **Cabo Verde**, **Guinea-Bisau**, **San Tomé e Príncipe**, **Angola** e **Mozambique**, rexións de Asia como **Goa** ou países como **Timor-Leste**. O galego é considerado, pola súa proximidade e a súa orixe común co portugués un idioma pertencente ao grupo de linguas lusófonas.

O **francés** fálase tamén nos cinco continentes debido ao proceso de colonización que o espallou fóra das fronteiras europeas. Fálase en **Francia**, xunto cos seus territorios ultramarinos, así como en **Bélxica**, **Suiza** e **Luxemburgo**. En América, en países como **Canadá** ou **Haití**. En Asia, en **Laos**, **Vietnam** e **Cambodja**. Moitos países africanos colonizados por franceses tamén o falan; entre outros, **Marrocos**, **Senegal**, **Mauritania**, **Camerún**, **Mali**, **Chad**, **República Democrática do Congo**, **Madagascar** etc.


A familia indoeuropea espallouse cara ao sur da Asia, e a lingua **hindú** e o **bengalí**, linguas faladas na **India** e **Bangladesh** suman un altísimo número de falantes que as posicionan no terceiro lugar en número mundial de falantes, tras o chinés e o inglés.

As linguas semíticas

As dúas linguas máis sobranceiras desta familia son o **árabe** e o **hebreo**. Ambas as dúas linguas foron utilizadas na redacción dos textos relixiosos, políticos, científicos e literarios sobre os que se forxou gran parte da cultura de Occidente ao longo dos séculos, xunto cos textos escritos nas linguas clásicas, latín e grego.

O **árabe** é a lingua falada nos países do **Magreb** (**Marrocos, Alxeria, Tunisia, Libia e Exipto**), noutros países africanos (**Mauritania, Chad, Sudán, Somalia, etc.**) así como en **Oriente Medio** (**Arabia Saudita, Iraq, Siria, Líbano, Palestina, Xordania etc.**) Todos estes países comparten unha mesma cultura islámica de base. O árabe tivo gran importancia no pasado das nosas linguas peninsulares, xa que a convivencia durante a Idade Media das tres culturas: **cristiá, islámica e hebrea**, fixo que moito do noso léxico galego e castelán proceda orixinariamente do árabe.

O **hebreo** é unha lingua cun número considerable de falantes debido á diáspora do pobo xudeu ao longo da historia, que motivou a aparición de colonias de poboación xudía nos catro puntos cardinais do planeta. Os falantes nativos de hebreo concéntranse na actualidade no Estado de Israel. O hebreo é a lingua na que se escribiron os libros do Antigo Testamento da *Biblia*.




Outras familias lingüísticas do mundo

A **familia uralo-altaica** configúranas as linguas europeas que non pertencen á familia indoeuropea: o **finés**, o **estonio**, o **húngaro** e o **turco**, falados nos seus respectivos países.

A **familia níxero-congolesa** compóñena as linguas dos países ao sur do Sahara como o **ioruba**, o **swahili** ou o **zulú**, entre outras. Todas elas conviven coas linguas dos colonizadores europeos do século XIX, fundamentalmente o inglés e o francés.

A **familia sino-tibetana** agrupa as linguas que se falan en gran parte de **China**, no **Tíbet** e noutros países como **Tailandia** ou **Birmania**. Dentro desta familia, o **chinés mandarín** é a lingua con máis número de falantes no mundo.

A **familia amerindia** está formada por todas as linguas vivas na actualidade que proceden das que falaban os indíxenas americanos antes da chegada dos conquistadores e colonizadores europeos. As que perviven nas reservas de indíxenas estadounidenses sofren unha situación de franca minorización. As linguas amerindias de América Central e do Sur (**náhuatl**, **quechua**, **guaraní**, **aimara**, **mapuche**) conviven nos seus territorios co español falado en América, e en moitos países comparten o status de cooficialidade co español.



O ecolingüismo

Desta sumaria relación de linguas do mundo podemos extrapolar unha idea preocupante. O expansionismo mundial de certos países alén das súas fronteiras impuxo unha lingua foránea a territorios que xa posuían as súas propias linguas autóctonas. Amais diso, hoxe en día, o proceso de globalización que está a vivir o planeta está poñendo en perigo a diversidade lingüística do mundo.

O **ecolingüismo** é unha teoría que establece un paralelismo entre a biodiversidade e a contorna da linguaxe. Ao igual que xorde a preocupación pola extinción de especies animais e vexetais que son fundamentais para a vida, tamén preocupa a desaparición dalgunhas linguas, xa que isto implicaría unha perda insalvable de riqueza cultural para a humanidade. Este perigo obríganos a protexelas de xeito urxente e inaprazable.

Actividades propostas

S26. As linguas do mundo utilizaron numerosos sistemas de escritura para se expresar graficamente. Observe estes tres textos e localice a información precisa para responder as seguintes cuestións:

- a) Intente identificar cada un destes catro alfabetos e o seu nome.
- b) Relacione cada un deles con algunha lingua que o utilice.
- c) Recoñeza a palabra *alfabeto* nos tres primeiros textos e estableza os parecidos entre as letras dos tres abecedarios.

TEXTO 1

A palabra alfabeto provén das gregas alfa e beta, que designaban a primeira e segunda letra do seu alfabeto, correspondentes no alfabeto latino co a e o b.

TEXTO 2

Αλφάβητο είναι ένα σύστημα γραφής που γράφεται με σύμβολα τα οποία εικονίζουν τους στοιχειώδεις, τους απλούστατους ήχους, τους φθόγγους της γλώσσας.

TEXTO 3

Алфавит форма письменности, основанная на стандартном наборе знаков.

TEXTO 4

كلمة الأبجدية تأتي من ألفا وبيتا ، تعيين أول والرسالة
الثانية من الحروف الأبجدية ، والمقابلة للأبجدية اللاتينية مع
وب

S27. Algunhas linguas do mundo utilizan sistemas ideográficos para representar palabras. Investigue que palabras representan estes ideogramas chineses. Despois investigue con que ideograma se expresan estas palabras en xaponés: *lúa, monte, río, árbore e libro*.



S28. A relación entre distintas as linguas dun mesmo territorio produce mestizaxes lingüísticas moi interesantes. Investigue sobre os conceptos que aparecen nas seguintes preguntas para contestalas:

- a) Que é un **pidgin**? Busque exemplos de linguas *pidgin* e sitúeas nun mapa.
- b) Que son as **linguas crioulas**? En que se diferencian dos *pidgin*.
- c) Que é o **papiamento**? Cal é a súa base lingüística? Onde se fala?
- d) Podemos considerar o *castrapo* como un *pidgin*? Xustifique a súa resposta.

2.3.2 Orixe das linguas do Estado español

Todas as linguas do Estado español, coa excepción do **vasco**, proceden do **latín**. Son, polo tanto, **linguas romances** ou **románicas**.

Descoñécese a orixe da lingua **vasca**. Non pertence á familia de linguas indoeuropeas, así que pode tratarse da lingua que falaban os habitantes do norte da Península Ibérica antes da chegada dos primeiros pobos indoeuropeos no terceiro milenio a.C.

Os pobos prerromanos que habitaban a Península Ibérica (celtas, íberos, celtíberos, vascóns, lusitanos, turdetanos etc.) falaban cadansúa lingua. No ano 218 a.C., os romanos desembarcaron na costa levantina e comezou un longo período de conquista e colonización da península que culminará o emperador Augusto nos primeiros anos do século I d.C. A península pasou a formar parte do Imperio Romano co nome de Hispania e iniciouse o proceso da **romanización** dos pobos hispanos. Durante este proceso os pobos prerromanos adoptaron os costumes, a organización política e social dos colonizadores romanos, e substituíron as súas linguas propias polo **latín**.

O latín falado en Hispania foise fragmentando dialectalmente ao longo dos séculos:

- Os poboadores de cada área da península falaban un latín lixeiramente diferente por influencia das linguas prerromanas.
- A invasión de Hispania por parte dos pobos xermánicos a partir do século V d.C. fixo que cada tribo se asentara en diferentes zonas. Estes pobos adoptaron tamén parte da cultura romana como súa e a lingua latina como lingua propia. A influencia das súas linguas xermánicas orixinarias acentuou as diferenzas dialectais do latín peninsular.

Cara ao século X da nosa era culmina a diferenciación das primitivas linguas romances hispánicas que, tras a invasión dos árabes no ano 711, se manteñen nos reinos cristiáns do norte da península, distribuídas como aparecen no seguinte mapa.



O **mozárabe** era o dialecto romance que falaban os cristiáns que habitaban territorios baixo o dominio árabe. O proceso de reconquista da península por parte dos reinos cristiáns produciu a súa progresiva desaparición. A medida que no proceso histórico da Reconquista os reis cristiáns foron facendo descender a fronteira dos seus reinos cara ao sur, as linguas foron ocupando eses novos territorios como se pode ver na animación que aparece na seguinte ligazón.

https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Evoluci%C3%B3n_ling%C3%BC%C3%ADstica.gif

A progresiva puxanza do Reino de Castela e o predominio da súa lingua, o **castelán**, xerou a desaparición do mozárabe e limitou o desenvolvemento das linguas romances froteirizas con el, o **astur-leonés** e o **navarro-aragonés**, que na actualidade carecen do status de linguas oficiais do Estado español e son considerados **dialectos históricos**. O astur-leonés que se fala actualmente en Asturias recibe o nome de **bable**. Só a variante do **mirandés** (astur-leonés falado na comarca portuguesa de Miranda do Douro) ten consideración de lingua cooficial co portugués dentro da República Portuguesa.

O **galegoportugués**, que ocupaba a franxa atlántica da península de norte a sur, é a lingua que dará orixe ao **galego** e ao **portugués**. A evolución das dúas linguas seguiu camiños diverxentes por motivos históricos. Cando Afonso Henriques (Afonso I de Portugal) se independiza do seu curmán Afonso Reimúndez (Afonso VII de Galicia, León e Castela) o reino de Portugal comeza no ano 1139 a súa propia andaina histórica. Galicia será anexionada ao reino de León, e posteriormente ao de Castela. Estes feitos fixaron unha fronteira política no río Miño e na raia ourensá que provocou que as falas de ambos os territorios foran arredándose a unha da outra.

Os longos séculos de convivencia entre as culturas musulmá e cristiá, e as súas linguas respectivas, provocou que o **árabe** sexa a lingua que deixou, despois do latín, unha maior pegada no léxico das nosas linguas romances, tanto **galego** como **castelán**. Uns poucos exemplos de palabras cotiás de orixe árabe de entre os milleiros delas poderían ser: *aceite, acelga, alcalde, almofada, azucre, arroz, cenoria, coxín, sandía, tambor* etc.

Actividades propostas


S29. Non resulta posible definir con precisión en que momento naceron as linguas románicas da Península Ibérica, pero si é posible datar os seus textos escritos máis antigos. Busque a información precisa para contestar estas preguntas:

- a) Que son as **glosas emilianenses** e **silenses**? En que linguas están escritas?
- b) Cal é o documento máis antigo escrito en Galicia en galegoportugués?
- c) Cal é o título do poema máis antigo escrito en galegoportugués e a que tipo de cantigas pertence?
- d) Que son os **bertzolaris** e por que son tan importantes na cultura vasca?
- e) Cal é o texto literario máis antigo datado en lingua catalá? Para que se utilizaban eses textos?
- f) Que son as **kharxas** e en que lingua están escritas?

2.3.3 Los dialectos del español

El español hablado en la península ibérica y en la España insular no presenta homogeneidad en todo su territorio, sino que en cada zona se habla con una entonación, con unos rasgos fonéticos y morfosintácticos y con un léxico particular. Todas estas variedades se pueden agrupar en cuatro áreas diferenciadas de **dialectos**:

- **Variedades de español en los territorios bilingües:** se corresponden con las maneras de hablar castellano en Galicia, País Vasco y Navarra; en Cataluña, la Comunidad Valenciana y las islas Baleares. En estas zonas en las que el español convive con las lenguas vernáculas, el castellano ha adoptado particularidades transferidas de esas lenguas. Por ejemplo, el castellano de Galicia se caracteriza por el uso de formas verbales simples frente a las compuestas, el uso del dativo ético (*¡Te hace buen día!*), los diminutivos en *-iño/a* o expresiones y léxico trasladados del gallego (*No doy hecho los ejercicios. Coge al niño en el colo.*)
- **Variedades de español en contacto con los dialectos históricos:** del mismo modo, el español que se habla en los territorios donde convive con el **bable** de Asturias o el astur-leonés recibe influencias como el uso de los pronombre enclíticos (*díjome, compreme*), diminutivos en *-ín/ina*, o el uso de verbos pronominales sin el pronombre (*¿Ya marchaste?*) Las hablas aragonesas influyen en rasgos como los diminutivos en *-ico/a* o el uso particular de los pronombre personales tras preposición (*con mí, para tú*).



- **Variedades septentrionales:** corresponden a la zona de origen del castellano que son, por ello, más conservadoras. Entre sus peculiaridades destacan el uso preferente del pretérito perfecto compuesto frente al simple, la confusión en el uso de los pronombres personales de complemento en tercera persona (leísmo, laísmo, loísmo) o la aspiración de la -s implosiva y la pérdida de la -d- intervocálica, especialmente en los participios verbales (*No voy; eh que estoy muy cansao*).
- **Variedades meridionales:** se corresponde con los modos de hablar español en la mitad sur de España y en las islas Canarias. Los dialectos más reconocibles de esta área son:
 - El **extremeño**: por su situación geográfica se considera un dialecto de transición que comparte rasgos del astur-leonés (diminutivos -ino/a), del español septentrional (aspiración de -s final) y del andaluz (aspiración de las grafías *ge*, *gi*, *j*; *hefe*).
 - El **murciano**: también está situado en un área de transición que provoca que presente rasgos de aragonés (diminutivos -ico/a), del valenciano (palatalización de la *l*- inicial, *llengua*) y del andaluz (aspiración de la -s final y de la grafía *ge*, *gi*, *j*).
 - El **andaluz**: abarca un vasto territorio que coincide aproximadamente con la Comunidad Autónoma de Andalucía. Por tratarse de un dialecto, el andaluz carece de una variedad estándar. Esto provoca que reúna un conjunto de hablas muy variada. No se habla igual en Huelva o en Sevilla que en Granada o Almería. Los rasgos generales más destacables del andaluz son:
 - **Seseo**: pronunciación como /s/ las grafías *za*, *ce*, *cí*, *zo*, *zu*.
 - **Ceceo**: el fenómeno contrario; pronunciar las eses como zetas.
 - **Yeísmo**: pronunciar el dígrafo -ll- como -y-.
 - Eliminación de -s final y de -d- intervocálica.
 - Uso de diminutivos -illo/a.
 - Uso del pronombre *ustedes* en lugar de *vosotros*.
 - El **canario**: se habla en las islas Canarias. Como el archipiélago fue repoblado históricamente por población sureña de la península Ibérica y fue usado durante la Edad Moderna como escala en los viajes entre España y el Nuevo Mundo, el canario presenta rasgos comunes con los dialectos meridionales peninsulares y

numerosos americanismos. Además presenta palabras procedentes de la lengua nativa de las islas, el **guanche**, como *jaira*, *bafio* (cabra, cabrito), *gofio* (harina), etc.

Actividades propuestas

S30. Escuche estos enlaces y señale características de los dialectos meridionales que presenten los invitados de cada programa. Defina qué dialecto utiliza cada uno.


ENLACE A	http://www.rtve.es/alacarta/videos/aqui-la-tierra/aqui-tierra-chato-murciano/3935919/
ENLACE B	http://www.rtve.es/alacarta/audios/mundo-aparte/mundo-aparte-donana-santiago-acompanados-asnos-03-09-15/3267982/
ENLACE C	http://www.rtve.es/alacarta/videos/aqui-la-tierra/aqui-tierra-silbo-gomero-clase-practica/3543362/

2.3.4 El español de América

Se denomina **español de América** a las múltiples variantes de español que se hablan en el continente americano desde México hasta el cono sur. El español es lengua oficial en diecinueve países y es cooficial con otras lenguas indígenas en algunos de ellos. En cada uno de estos países recibe un nombre particular: mexicano, cubano, peruano, chileno, etc. y en cada país presenta, a su vez, diferencias dialectales importantes.

Tras la arribada de Cristóbal Colón a costas americanas en 1492, se inició un lento periodo de conquista y colonización de gran parte de los territorios del Nuevo Mundo por parte de la Corona de España. A los habitantes indígenas se les impuso una cultura, una religión y una lengua ajenas a ellos. En este proceso muchas culturas autóctonas fueron exterminadas y, con ellas, sus lenguas.

De entre las que sobrevivieron destacan por su número de hablantes y su extensión en la actualidad el **náhuatl**, las lenguas **mayas**, el **quechua**, el **guaraní**, el **aimara** y el **mapuche**. El quechua es cooficial con el español en Perú, el aimara en Bolivia y en Perú, así como el guaraní en Paraguay.



La mayor parte de la población española que colonizó América durante los siglos XVI y XVII procedía del sur de la península Ibérica (Andalucía, Extremadura, la Mancha, Murcia), así como de las islas Canarias, escala obligada del viaje. Por ello, los principales rasgos dialectales del español de América son comunes a los de los dialectos meridionales del español de España.

No obstante, es importante especificar que la evolución diferenciada del español hablado en el Caribe, en México, en América Central o en la América andina depende de muchos y complicados factores como son:

- El contacto con las culturas y lenguas indígenas en cada zona.
- El grado diverso de alfabetización en español de cada país.
- El mestizaje con población de diferentes procedencias en cada zona (italianos en el Río de la Plata, esclavos africanos en el Caribe, etc.).

Principales rasgos dialectales del español de América

Resultaría imposible especificar los rasgos propios del español hablado en cada país hispanoamericano, así que nos limitamos a señalar los rasgos más comunes y generalizados a todos ellos:

- **Seseo:** es prácticamente general en la pronunciación del español en toda América.
- **Voseo:** no es un fenómeno generalizado, pero se extiende por gran parte de los países: Argentina, Uruguay, Paraguay y América Central. Consiste en usar el pronombre **vos** en lugar de **tú** como forma de 2º persona del singular. La flexión verbal asociada al voseo puede adoptar dos formas: una forma semejante a la de la 2º persona del plural (*vos tenéis*) o una forma monoptongada (*vos tenés*).
- **Arcaísmos:** son palabras que han caído en desuso en el español de España, pero que mantienen plena vigencia en el español de América, como por ejemplo; *platicar* (conversar), *prieto* (negro), *cuadra* (manzana de edificios), *arveja* (guisante), etc.
- **Indigenismos:** son palabras originarias de las lenguas amerindias que se utilizan no solo en el español de América, sino también en el español de la península ibérica, ya que muchos de ellos fueron adoptados como préstamos lingüísticos por el castellano para nombrar las nuevas realidades procedentes del Nuevo Mundo y hoy están plenamente incorporados al español estándar. Los ejemplos más comunes son: *tomate*, *patata*, *tabaco*, *chocolate*, *cacahuete*, *aguacate*, *caucho*, *petaca*, *cacique*, *huracán*, etc.

Actividades propuestas

- S31.** Sobre un planisferio mudo señale los diecinueve países de habla hispana. Señale en cuáles de ellos el español convive con lenguas autóctonas amerindias.
- S32.** Señale algunas características del español de América presente en estas oraciones:
- a) Me compré ayer esta *pollera*; me costó bastante *plata*, ¡pero es *chévere*!
 - b) Si vos *querés* platicar conmigo, *llamame* esta tarde.
 - c) Como Marcela no sabe *manejar* el *carro*, siempre usa el *colectivo*.
 - d) *Ahorita* mismo nos encontramos dos *cuadras* más allá.
 - e) Esa *mina* canta muy *lindo*.
 - f) ¡Sos un *boludo*, *che*!
 - g) *Resién* llegué, recibí una llamada en el *celular*.

3. Resumo de contidos

A **lectura en voz alta** e o **recitado** de textos en prosa e en verso favorece a nosa capacidade comprensiva dos textos e exercita as nosas aptitudes para falar en público. En ambos os casos precísase dunha preparación previa do contido do texto e do coñecemento do uso dos signos de puntuación, así como dunha certa dramatización do sentido do texto.

Unha **exposición oral** precisa un desenvolvemento claro das ideas consonte a un guión previo. O tema e o léxico empregados han de adaptarse ao nivel da audiencia. A persoa oradora debe expresarse con naturalidade, cun ritmo de voz pausado e apoiando as súas palabras cunha xestualidade axeitada, xa que a **linguaxe non verbal** (xestualidade do rostro e posición corporal) acompaña as nosas mensaxes e proporciona moita información.

Os **textos orais audiovisuais** máis destacables son os **xornalísticos**, a través dos que nos informamos. Entre os **persuasivos** destaca a **publicidade**, que pretende convencer a audiencia do consumo dun produto. A mensaxe publicitaria combina diferentes códigos: o **verbal**, o **paralingüístico** (logotipos, emblemas) e o **son** e as **imaxes** en movemento.

Os **textos orais informativos** de radio máis habituais son o **boletín** (horario ou temático) e o **noticiero**. No medio televisivo destacan os **telexornais**, que nos informan de feitos da actualidade e os **documentais**, que poden tratar todo tipo de temas de interese xeral. As pezas que compoñen un **telexornal** son as **noticias** e as **reportaxes**, que se organizan en seccións temáticas e por orde de relevancia.

A lingua é produto do pobo que a fala, polo que unha sociedade discriminadora utiliza expresións sexistas, racistas e homófobas. O **sexismo** reflíctese na lingua oral no uso irreflexivo do masculino xenérico que produce unha ocultación das mulleres nos ámbitos de relevancia social, así como nos significados pexorativos de palabras expresadas en xénero feminino. A **xenofobia** e a **homofobia** maniféstanse a través de expresións que minusvalorizan as etnias ou as orixes alleas á propia, así como os roles de xénero e as prácticas sexuais distintas da heterosexual.

Todas as linguas do mundo están emparentadas en grandes **familias lingüísticas**. Existen linguas cun vasto número de falantes que conviven no mesmo territorio con outras linguas minoritarias. O **ecolingüísmo** defende a protección desas linguas con menos falantes para evitar a súa extinción, xa que son unha fonte incalculable de riqueza cultural.

A actual situación das linguas e dialectos da Península Ibérica é froito da evolución histórica dos reinos cristiáns durante a Idade Media e das coroas de Portugal e España durante a Idade Moderna. Os **dialectos meridionais do español** (**estremeño, andaluz, murciano** e **canario**) son aqueles que amosan uns trazos fonéticos máis marcados, moitos dos cales foron trasladados ao español falado en Hispanoamérica durante a súa conquista.

O **español de América** está composto polas numerosas variedades dialectais de español que se falan dende México até a Patagonia. Convive coas **linguas indíxenas** que sobreviviron á colonización cultural (**náhuatl, maya, quechua, guaraní, aimara, mapuche**) polo que conserva numerosos **arcaísmos** e **indixenismos**.

4. Actividades complementarias

ACTIVIDADES EN LINGUA GALEGA

S33. Busque a definición de cada un destes tipos de textos expositivos. Cópiea, analícea e logo clasifíqueos como textos expositivos orais ou escritos: *monografía, conferencia, exame, prospecto, informe, artigo, charla, discurso e currículo.*

S34. Escolla unha reportaxe dun xornal ou dunha revista especializada (ciencia, historia, motor, literatura etc.) que trate un tema que lle interese especialmente, e do que xa ten algunha información persoal previa. Logo siga estes pasos para preparar unha exposición oral sobre ese tema:

- Lea a reportaxe atentamente tantas veces como sexa preciso até comprendela en profundidade.
- Subliñe as ideas máis importantes que expón a reportaxe. Lembre que debe seleccionar ben o texto subliñado. Se subliñamos case todo o texto o labor será infrutuoso.
- Realice un esquema desas ideas destacadas no subliñado anterior. O esquema debe reflectir a relación que existe entre elas.
- Partindo dese esquema, redacte un guión que ordene todas esas ideas tal e como consideraría oportuno explicalas oralmente. Non esqueza incluír unha breve introdución inicial do tema, e unhas palabras que sirvan de conclusión.
- Coa única axuda dese guión, realice una exposición oral de entre uns cinco a dez minutos sobre o tema escollido e a información extraída da reportaxe. Se o desexa pode incorporar datos que coñeza sobre o asunto tratado, ou que amplie mediante a consulta doutras fontes.
- Sexa moi consciente da súa expresividade facial e corporal, trate de controlar a velocidade e o ritmo da explicación para que as persoas que escoiten poidan seguir a súa explicación.

S35. Vexa este vídeo sobre o **entroido en Ribadeo** do canal de **youtubeiros e youtubeiras** de Alejandro López Peña e responda logo as seguintes cuestións:
<https://youtu.be/nWV0wwojjk>:

- a) Analice criticamente a expresión corporal dos rapaces que protagonizan o vídeo.

- b) Falan os rapaces cun ritmo axeitado ás explicacións que ofrecen?
- c) De que se valen para coñecer como se celebraba antigamente o entroido?
- d) Que diferenzas existen segundo o vídeo entre o entroido de antano e o actual?
- e) Que dúas ideas principais pretenden transmitirnos a través deste vídeo?

S36. Vexa este vídeo sobre **a educación en igualdade de xénero** do canal de *youtube* **Feminismo en sociedad** e responda estas cuestións sobre o contido deste: https://youtu.be/_AKnjB_KSk.

- a) Consonte as opinións dos rapaces entrevistados, como afecta a televisión na educación igualitaria entre nenos e nenas?
- b) Cal das rapazas entrevistadas critica o fomento dos roles de xénero?
- c) Que aspectos discriminatorios cara á muller no mundo laboral apuntan no vídeo?
- d) Que crítica fai a moza xornalista aos contidos dos libros de texto da escola?
- e) Analice a linguaxe corporal que utiliza a rapaza que presenta o vídeo: posicións corporais, expresividade das mans, movemento dos ollos e mirada.

S37. Realice unha análise de contidos do dicionario da Real Academia Galega (<http://academia.gal/dicionario/>) seguindo esta orde:

- Busque a definición das seguintes expresións coa palabra **home**: de home a home, home de mundo, home de negocios, home de palabra, home de prol, ser home de...
- Consulte as expresións existentes no mesmo dicionario coa palabra **muller**.
- Compare os resultados da súa procura co fin de detectar usos sexistas.
- Redacte un texto de aproximadamente 200 palabras que recolla as súas reflexións sobre a análise destes datos. Lembre establecer unha estrutura coherente:
 - Un parágrafo inicial que presente o tema da redacción.
 - Un ou dous parágrafos nos que expoña os datos obtidos e as reflexións que suscitan, tamén deberá argumentar as súas opinións.
 - Un último parágrafo de peche no que expoña de xeito resumido a súa posición sobre este tema.

S38. Analice os contidos machistas desta serie de refráns populares extraídos da listaxe que ofrece a entrada da palabra **home** no dicionario en rede DIGALEGO.

- Home sen muller, home non é.
- A cabeza da muller é o home.
- O home, na praza, a muller, na casa.
- A muller é a metade do home.
- A filla dala a quen a pida, o fillo hase mirar a quen se ha de dar.
- Quen máis non pode, coa súa muller se deita.
- Tres fillas e unha nai, catro díaños para un pai.
- Se a galiña pica no galo, malo, malo! Se o galo pica na galiña, aínda, aínda!

S39. Consulte a listaxe de refráns que recolle o dicionario DIGALEGO na entrada da palabra **muller**: <https://digalego.xunta.gal/digalego/Html/index.php>:

- Escolla aqueles tres que lle parezan especialmente ofensivos ou discriminatorios.
- Xustifique as súas escollas oralmente na aula.
- Comprobe se o resto do alumnado da aula escolleu os mesmos refráns de contidos similares.
- Compare os refráns escollidos por varóns e por mulleres da aula: percíbense diferenzas nos contidos dos seleccionados por elas fronte aos escolmados por eles?

S40. Vexa este vídeo sobre o traballo divulgativo-musical **Cores do Atlántico** e responda as preguntas: <https://vimeo.com/11449864>:

- a) Que tipo de cantigas reúne o CD *Cores do Atlántico*?
- b) Segundo a catedrática Ria Lemaire Martens, de onde proceden estas cantigas?
- c) Que tese defende Ria Lemaire Martens acerca da autoría destas cantigas?
- d) Considera vostede que este proxecto musical potencia a relación entre países lusófonos?
- e) Analice e discuta na aula, coa axuda docente, se realmente puido producirse a invisibilización da escrita feminina na Idade Media en Galicia.

S41. Lea atentamente este texto e responda as preguntas:

Moito do que á maioría da xente lle gusta incluír como 'lusófono' na súa cultura, en realidade non lles é intelixible, sexa por diverxencias lingüísticas sexa por diferenzas culturais. Cantas expresións culturais deste aglomerado chamado lusofonía non precisarían ser traducidas, explicadas e contextualizadas, ou sexa, paratraducidas? [...]

Para Galicia, a asociación á lusofonía significaría apropiarse por vez primeira da propia historia para nela transcreer a súa contemporaneidade. Con todo, dentro dun panorama globalizado –transcultural e transdiscursivo– con persoas, ideas e valores en constante migración e mestizaxe non hai lugar para esencialismos fundacionais. As miraxes míticas da unidade lingüística e ortográfica e a do paraíso perdido da unidade cultural precisarían ser abandonados.

Burghard Baltrush, "Galicia e a lusofonía, unha tradución entre a miraxe e a utopía"
en *Galicia 21, Journal of Contemporary Galician Studies*

- a) Segundo o exposto no texto, é posible unha directa intercompresión entre os falantes de calquera dos países que integran a lusofonía? Xustifique a resposta.
- b) Considera o autor que a Galicia lle favorecería pertencer á lusofonía? Por que?
- c) Que opinión manifesta o autor en canto á uniformidade lingüística, ortográfica e cultural que podería achegar o uso dunha lingua común aos países lusófonos?
- d) Redacte un texto de aproximadamente 100 palabras coas súas reflexións sobre este tema e logo comparta e debata o seu punto de vista co resto da aula.

ACTIVIDADES EN LENGUA CASTELLANA

S42. Prepare este relato para su lectura en voz alta siguiendo las pautas que le sugerimos a continuación:

- Marque bien sus tres partes: **presentación**, **nudo** y **desenlace**, con una breve pausa. No debe mencionar en alto los nombres de estas partes del texto, que en el recuadro señalamos entre paréntesis.
- Cambie de ritmo para señalar los tres diferentes momentos del nudo: reacción del niño, búsqueda nocturna (más rápida en la enumeración de los juguetes) y amanecer.
- Dé especial intensidad a la entonación de las partes dialogadas de la madre y el niño y las entrecomilladas, que expresan sus pensamientos. Observe la intención que tienen cada una de esas intervenciones.
- Cuide la lectura del final del relato con un ritmo muy pausado para que su audiencia pueda captar su sentido metafórico. Debería pronunciar la última

frase, desde la última coma, palabra por palabra, demoradamente, para indicar a los oyentes que se trata del final del relato.

- Tras una última pausa de unos tres segundos, lea el título y el nombre de la autora.

(PRESENTACIÓN)

Una mañana se levantó y fue a buscar al amigo, al otro lado de la valla. Pero el amigo no estaba, y, cuando volvió, le dijo la madre:

-El amigo se murió.

-Niño, no pienses más en él y busca otros para jugar.

(NUDO)

El niño se sentó en el quicio de la puerta, con la cara entre las manos y los codos en las rodillas. «Él volverá», pensó. Porque no podía ser que allí estuviesen las canicas, el camión y la pistola de hojalata, y el reloj aquel que ya no andaba, y el amigo no viniese a buscarlos. Vino la noche, con una estrella muy grande, y el niño no quería entrar a cenar.

-Entra, niño, que llega el frío -dijo la madre.

Pero, en lugar de entrar, el niño se levantó del quicio y se fue en busca del amigo, con las canicas, el camión, la pistola de hojalata y el reloj que no andaba. Al llegar a la cerca, la voz del amigo no le llamó, ni le oyó en el árbol, ni en el pozo. Pasó buscándole toda la noche. Y fue una larga noche casi blanca, que le llenó de polvo el traje y los zapatos. Cuando llegó el sol, el niño, que tenía sueño y sed, estiró los brazos y pensó: «Qué tontos y pequeños son esos juguetes. Y ese reloj que no anda, no sirve para nada». Lo tiró todo al pozo, y volvió a la casa, con mucha hambre.

(DESENLACE)

La madre le abrió la puerta, y dijo: «Cuánto ha crecido este niño, Dios mío, cuánto ha crecido». Y le compró un traje de hombre, porque el que llevaba le venía muy corto.

Ana María Matute, *El niño al que se le murió el amigo*.

- S43.** Escuche el **poema 14** de la obra de Pablo Neruda ***Veinte poemas de amor y una canción desesperada*** recitado en este programa de poesía de Radio 5 de RNE: <http://rtve.es/a/2965194>. Tómelo como referencia y prepare un recitado de este otro poema de la misma obra. Finalmente, léalo en voz alta en el aula:

En su llama mortal la luz te envuelve.
Absorta, pálida doliente, así situada
contra las viejas hélices del crepúsculo
que en torno a ti da vueltas.

Muda, mi amiga,
sola en lo solitario de esta hora de muertes
y llena de las vidas del fuego,
pura heredera del día destruido.

Del sol cae un racimo en tu vestido oscuro.
De la noche las grandes raíces
crecen de súbito desde tu alma,
y a lo exterior regresan las cosas en ti ocultas,
de modo que un pueblo pálido y azul
de ti recién nacido se alimenta.

Oh grandiosa y fecunda y magnética esclava
del círculo que en negro y dorado sucede:
erguida, trata y logra una creación tan viva
que sucumben sus flores, y llena es de tristeza.

Pablo Neruda, *Poema 2 en Veinte poemas de amor y una canción desesperada*.

S44. Prepare la lectura en voz alta de algún relato breve que le haya gustado especialmente. Le sugerimos algunos en los siguientes enlaces:

- <http://ciudadseva.com/texto/epitafio-de-un-boxeador/>
- <http://ciudadseva.com/texto/el-paraguas-jacinto/>
- <http://ciudadseva.com/texto/la-mancha-de-humedad/>
- <http://ciudadseva.com/texto/la-confesion-peyrou/>
- <http://ciudadseva.com/texto/en-la-sierra/>

S45. Escuche los primeros ocho minutos del siguiente podcast de Radio 5 de RNE y responda a las preguntas: <http://rtve.es/a/3597534>:

- a) ¿Cuál es el tema que aborda el programa?
- b) ¿Realiza la locutora una introducción al tema? ¿En qué se apoya?
- c) ¿Qué quiere decir Teresa Baró al afirmar que "el lenguaje verbal no se calla nunca"?
- d) ¿Qué factores incluye el lenguaje no verbal además de la gestualidad?
- e) Según Teresa Baró, ¿qué es la marca personal y por qué es tan importante?
- f) Clasifique este audio dentro de alguno de los géneros periodísticos orales según el cuadro expuesto en el apartado 2.2.1. de esta misma unidad.
- g) Escuche nuevamente el audio. Anote las ideas que considere más importantes y redacte un texto de entre 100 a 150 palabras que resuma su contenido.

S46. Ordene cronológicamente los siguientes hechos históricos y dátelos:

- Cristóbal Colón alcanza las costas americanas en su primer viaje hacia el oeste.
- El reino de Portugal se independiza de la corona de Galicia, León y Castilla.
- El emperador romano Augusto culmina la conquista de la península ibérica.
- Se produce el lento proceso de conquista y colonización de Hispanomérica.
- Los árabes invaden la península ibérica desde el sur hasta la cornisa cantábrica.

S47. Corrija los datos erróneos de las siguientes afirmaciones:

- Todas las lenguas que se hablan en la península ibérica proceden del latín y por ello se denominan lenguas románicas.
- El mozárabe era el dialecto del árabe que hablaban los musulmanes que vivían en la península ibérica durante la Edad Media.
- El ceceo es uno de los rasgos dialectales más característicos de los dialectos meridionales del español peninsular que fue trasladado al español de América.
- La mayor parte de la población española que colonizó América durante los siglos XVI y XVII procedía del norte y el centro de la península ibérica.
- El quechua, el aimara y el guaraní son lenguas amerindias cooficiales con el español en Paraguay, Bolivia y Perú, respectivamente.
- El ecolingüismo defiende la supervivencia de los nombres de especies animales y vegetales que se están perdiendo en sus lenguas originales.

